



# MEMORIA ECONÓMICA

EXERCICIO 2022



RESPECTANDO  
a Diversidade  
*A TRAVÉS DA ACCIÓN*  
SOCIAL CONXUNTA

- 1 Balance da  
situación ESFL do  
exercicio 2022
- 2 Conta de  
resultados ESFL do  
exercicio 2022
- 3 Memoria  
económica:  
exercicio 2022

# Índice

# 1. BALANCE DA SITUACIÓN ESFL DO EXERCICIO 2022

| ACTIVO   | Nota | 2022                | 2021              |
|--|------|---------------------|-------------------|
| <b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>                              |      | <b>140.103,11</b>   | <b>91.526,33</b>  |
| I. Inmobilizado intanxible                                 | 5.1  | 3.607,03            | 5.294,87          |
| III. Inmobilizado material                                 | 5.1  | 136.496,08          | 86.231,46         |
| <b>B) ACTIVO CORRENTE</b>                                  |      | <b>918.940,61</b>   | <b>863.996,60</b> |
| IV. Debedores comerciais e outras contas que se van cobrar | 9.2  | 18.864,15           | 6.160,53          |
| 6. Outros créditos coas administracións públicas.          |      | 18.864,15           | 6.160,53          |
| VI. Investimentos financeiras a curto prazo                | 9.2  | 0,00                | 0,00              |
| VII. Periodificacións a curto prazo                        | 9.2  | 0,00                | 318,19            |
| VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes      | 9.2  | 900.076,46          | 857.517,88        |
| 1. Tesourería  |      | 900.076,46          | 857.517,88        |
| <b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>                                |      | <b>1.059.043,72</b> | <b>955.522,93</b> |

| PASIVO  | Nota | 2022                | 2021              |
|---|------|---------------------|-------------------|
| <b>A) PATRIMONIO NETO</b>                         |      | <b>1.026.350,96</b> | <b>932.712,80</b> |
| <b>A-1) Fondos propios</b>                        |      | <b>989.331,67</b>   | <b>910.066,89</b> |
| I. Fondo Social                                   | 11   | 900,00              | 900,00            |
| II. Reservas (correcc. exerc. anteriores)         | 11   | 47.435,76           | 36.218,53         |
| III. Excedentes de exercicios anteriores          | 11   | 872.948,36          | 796.164,18        |
| IV. Excedente do exercicio                        | 3    | 68.047,55           | 76.784,18         |
| A-3) Subvencións, doazóns legados recibidos       |      | 37.019,29           | 22.645,91         |
| <b>C) PASIVO CORRENTE</b>                         |      | <b>32.692,76</b>    | <b>22.810,13</b>  |
| V. Beneficiarios-acredores                        | 10.2 | 95,48               | 0,00              |
| VI. Acredores comerciais e outras contas a pagar  | 10.2 | 32.597,28           | 22.515,72         |
| 3. Acredores varios                               |      | 14.207,46           | 3.579,95          |
| 6. Outras débedas coas administracións públicas   |      | 18.389,82           | 19.230,18         |
| <b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)</b> |      | <b>1.059.043,72</b> | <b>955.522,93</b> |

As notas do 1 ao 17 da memoria Pemes adxunta forman parte integrante do balance de situación Pemes a 31 de decembro de 2022.

# 2. CONTA DE RESULTADOS ESFL DO EXERCICIO 2022

DATOS EXPRESADOS EN EUROS

|   | Nota        | 2022               | 2021               |
|---|-------------|--------------------|--------------------|
| <b>A) Operacións continuadas</b>  |             |                    |                    |
| <b>1. Ingresos da actividade propia</b>   | <b>13.1</b> | 404.152,76         | 410.939,04         |
| a) Cotas de asociados e afiliados.  |             | 388.636,10         | 385.707,46         |
| b) Achegas de usuarios.   |             | 14.986,90          | 21.879,50          |
| c) Ingreso de promocións, patrocinadores e colaboradores  |             | 0,00               | 152,00             |
| d) Subvencións imputadas ao excedente do exercicio  |             | 529,76             | 3.200,08           |
| <b>2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil</b>  | <b>13.1</b> | <b>115.074,62</b>  | <b>115.668,17</b>  |
| <b>3. Gastos por axudas e outros</b>  |             | 0,00               | -1.512,22          |
| a) Axudas monetarias.   |             | 0,00               | -523,94            |
| c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno  |             | 0,00               | -988,28            |
| <b>7. Outros ingresos da actividade</b>   | <b>13.1</b> | <b>0,00</b>        | <b>0,60</b>        |
| <b>8. Gastos de persoal</b>   | <b>13.2</b> | <b>-255.519,47</b> | <b>-254.543,06</b> |
| a) Soldos, salarios e asimilados.   |             | -194.592,57        | -194.022,39        |
| b) Indemnizacións   |             | 0                  | 0                  |
| a) Seguridade Social a cargo da empresa   |             | -60.926,90         | -60.520,67         |
| b) Outros gastos sociais  |             | 0                  | 0                  |
| <b>9. Outros gastos da actividade</b>   | <b>13.2</b> | <b>-190.760,29</b> | <b>-190.868,10</b> |
| a) Servicios exteriores   |             | -190.760,29        | -190.868,10        |
| <b>10. Amortización do inmovilizado</b>   | <b>13.2</b> | <b>-9.390,84</b>   | <b>-7.408,16</b>   |
| <b>11. Subv. donac. legados capital trasp ao exced.</b>   | <b>13.1</b> | <b>4.490,77</b>    | <b>4.507,91</b>    |
| <b>A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)</b>   |             | <b>68.047,55</b>   | <b>76.784,18</b>   |
| <b>15. Gastos financeiros</b>   | <b>13.2</b> | <b>0,00</b>        | <b>0,00</b>        |
| b) Por débedas con terceiros  |             | 0,00               | 0,00               |
| <b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (14+15+16+17+18)</b>   |             | <b>0,00</b>        | <b>0,00</b>        |
| <b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)</b>   |             | <b>68.047,55</b>   | <b>76.784,18</b>   |
| <b>A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+19)</b>                                  |             | <b>68.047,55</b>   | <b>76.784,18</b>   |
| <b>B) Operacións interrompidas</b>  |             |                    |                    |
| <b>A.5) Variación de patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.4+20)</b>                            | <b>3</b>    | <b>68.047,55</b>   | <b>76.784,18</b>   |
| <b>C) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto</b>   |             |                    |                    |
| <b>D) Reclasificacións ó excedente do exercicio</b>   |             |                    |                    |
| <b>E) Variacións de patrimonio Neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (C.1+D.1)</b> |             |                    |                    |
| <b>F) Axustes por cambios de criterio</b>   |             |                    |                    |
| <b>G) Axustes por erros</b>   |             |                    |                    |
| <b>H) Variacións na dotación fundacional ou fondo social</b>  |             |                    |                    |
| <b>I) Outras variacións</b>   |             |                    |                    |
| <b>J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)</b>                              |             | <b>68.047,55</b>   | <b>76.784,18</b>   |

As notas do 1 ao 17 da memoria Pemes adxunta forman parte integrante do balance de situación Pemes a 31 de decembro de 2022.

# 3. MEMORIA ECONÓMICA – EJERCICIO 2022

## 1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é unha corporación de dereito público de carácter representativo da profesión, amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos. O COTSG integra ao colectivo profesional de Traballadores/as Sociais que exercen a súa actividade en Galicia, así como as persoas que desexan incorporarse, aínda cando non estean a desempeñar a profesión.

Entres os seus fins atópanse os seguintes:

- Ordenación do exercicio da actividade profesional.
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos.
- A formación permanente das persoas colexiadas.
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas.

Entre as súas funcións máis destacadas están:

- Exercer a representación que establezan as leis.
- Colaborar coas Administracións Públicas e outras entidades en relación coa disciplina do Traballo Social.
- Promover a participación activa, fomentando o asociacionismo.
- Perseguir e denunciar o intrusismo profesional, así como a ilegalidade no exercicio da profesión.
- Velar polo cumprimento dos principios éticos e criterios profesionais.
- Procurar a harmonía e colaboración entre as persoas colexiadas.
- Desenvolvemento de servizos e actividades que redunden nunha mellora da calidade da intervención social.

## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

### 2.1. Imaxe Fiel

As contas anuais do exercicio 2022 adxuntas foron formuladas pola Xunta Directiva da entidade a partir dos rexistros contables da asociación a 31 de decembro de 2010, aplicándose os principios contables e criterios de valoración recollidos na normativa contable aplicable e reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á entidade é o establecido no:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade regulado no R.D1515/2007.
- As normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos regulado no RD1491/2011 así como a resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto da normativa contable que resulte de aplicación.

As Contas Anuais adxuntas someteranse á aprobación por Asemblea Xeral de socios, estimándose que serán aprobadas sen ningunha modificación.

As Contas Anuais do exercicio anterior foron aprobadas pola Asemblea Xeral, estando as mesmas auditadas voluntariamente.

## 2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non foron aplicados principios contables non obrigatorios.

## 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

As presentes contas anuais foron elaboradas partindo da base do principio de empresa en funcionamento. Á dirección da Asociación non lle consta a existencia de incertezas materiais relativas a eventos ou condicións que poidan achegar dúbidas significativas sobre a posibilidade de que a Asociación siga funcionando con normalidade, ademais, conta con recursos suficientes para seguir operando de maneira continuada.

A preparación das Contas Anuais require que a dirección estableza xuízos de valor, faga estimacións e asuma hipóteses que afecten á aplicación de políticas contables e aos importes dos activos, pasivos, ingresos e gastos.

As estimacións e hipóteses utilizadas baseáronse na experiencia e noutros factores históricos que fan que os resultados sexan razoables nestas circunstancias. Non obstante os resultados poderían ser diferentes en caso de utilizarse outras estimacións.



## 2.4. Comparación da información

As contas anuais presentan efectos comparativos, con cada unha das partidas de balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2022, as correspondentes ao exercicio anterior. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2022 preséntase para efectos comparativos coa información do exercicio 2021.

## 2.5. Elementos recollidos en varias partidas

Non se presentan elementos patrimoniais en dúas ou máis partidas do Balance.

## 2.6. Cambios en criterios contables

No exercicio non se producen axustes por cambios en criterios contables.

## 2.7. Corrección de erros

Non hai corrección de erros relevantes.

## 2.8. Importancia relativa

Ao determinar a información a desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a entidade, de acordo co Marco Conceptual das normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2021.

### 3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

Tal e como se desprende da conta de resultados da asociación, o exercicio económico 2022 pechase cun saldo positivo de 68.047,55€. A proposta de aplicación do excedente do exercicio por parte da Asemblea Xeral é a seguinte:

| <b>Base de repartición</b>            | <b>Exercicio 2022</b> |
|---------------------------------------|-----------------------|
| Resultado do exercicio                | 68.047,55             |
| <b>Total.....</b>                     | <b>68.047,55</b>      |
|                                       |                       |
| <b>Aplicación</b>                     | <b>Exercicio 2022</b> |
| A Resultados de exercicios anteriores | 68.047,55             |
| <b>Total.....</b>                     | <b>68.047,55</b>      |

A distribución prevista no reparto dos resultados do exercicio cumpre cos requisitos e limitacións establecidos nos estatutos da Asociación e na normativa legal.

### 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

As principais normas de valoración utilizadas pola Asociación para a preparación das contas anuais son as seguintes:

#### 4.1. Inmobilizado Intanxible

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, amortízanse sistemáticamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e período de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio, e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioración, nese caso estímense os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

Nesta rúbrica impútanse aplicacións informáticas valoradas inicialmente a prezo de adquisición. A súa valoración posterior é polo seu custo menos as amortizacións acumuladas, e no seu caso, o importe acumulado das correccións de deterioración rexistradas.

A amortización das mesmas realízase linealmente nun prazo de catro anos.



As reparacións que non representan unha ampliación da vida útil e os custos de mantemento impútanse á conta de resultados no exercicio que se producen.

A Entidade recoñece contablemente calquera perda que puidese producirse no valor rexistrado destes activos con orixe na súa deterioración, utilizándose como contrapartida o epígrafe 'Perdas netas por deterioración' da conta de perdas e ganancias. Os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioración destes activos, e no seu caso, das repercusións das perdas por deterioración rexistradas en exercicios anteriores son similares aos aplicados para os activos materiais. No presente exercicio non se recoñeceron 'Perdas netas por deterioración' derivadas dos activos intanxibles.

#### 4.2. Inmobilizacións Materiais

O inmovilizado material preséntase polo seu valor de custo de adquisición, deducidas as amortizacións acumuladas correspondentes. Os bens adquiridos a título gratuito contabilízanse polo seu valor venal no momento da doazón.

Igualmente, formará parte do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao citado activo, tales como os custos de rehabilitación do lugar sobre o que se asenta, sempre que estas obrigas dean lugar ao rexistro de provisións.

Para as construcións, forman parte do prezo de adquisición ou custo de produción, ademais de todas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter de permanencia, as taxas inherentes á construción e ós honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.

As instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas valóranse a prezo de adquisición ou custo de fabricación e construción ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos que a entidade leve a cabo para si mesma, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. As contas de inmobilizacións materiais en curso, cargaranse polo importe dos devanditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola entidade para si mesma.

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens de inmovilizado material son incorporados ao activo como maior valor do ben na medida en que supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou prolongación da súa vida útil, dándose de baixa o valor contable dos elementos que se substituirán.

Na determinación do importe do inmovilizado material terase en conta a incidencia dos custos relacionados con grandes reparacións. O importe destes custos amortizarase de forma distinta ao do resto do elemento, durante o período que medie até a gran reparación.

A amortización dos elementos do inmovilizado material efectúase linealmente sobre os valores de custo, en función dos anos de vida útil estimada dos distintos grupos de elementos segundo o seguinte detalle:

- Construcións..... 2%
- Mobiliario..... 10%
- Equipos informáticos..... 25%
- Instalacións.....10%
- Outro inmovilizado.....25%

Non foron activados gastos financeiros durante este exercicio nesta rúbrica nin se teñen rexistrado perdas por deterioro.

#### 4.3. Bens integrantes do patrimonio histórico

A entidade non conta con bens integrantes do patrimonio histórico.

#### 4.4. Arrendamentos

Un contrato de arrendamento defínese como financeiro cando das condicións económicas do contrato se transfiran ao arrendatario substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Nos arrendamentos con opción de compra, cando non existan dúbidas razoables de que exercitaremos dita opción.

Aínda cando non exista opción de compra, presumirase a transferencia substancial de riscos e beneficios nos seguintes casos:

- Cando a propiedade do activo se transfira ao arrendatario ao finalizar o prazo de arrendamento.
- Cando o período de alugueiro coincida ou cubra a maior parte da vida do activo.
- Cando ao inicio do contrato o valor actual das cantidades a pagar equivallan á práctica totalidade do valor razoable do activo.

- Cando as características dos activos arrendados fagan que a súa utilidade quede restrinxida ao arrendatario.
- Cando o arrendatario poida cancelar o contrato de arrendamento, pero asuma as perdas sufridas polo arrendador a causa de tal cancelación.
- Cando as perdas ou ganancias derivadas das flutuacións do valor razoable do importe residual recaían sobre o arrendatario.
- Cando o arrendatario poida prorrogar o arrendamento cuns pagamentos substancialmente inferiores aos habituais do mercado.

O criterio de contabilización do arrendatario, levarase a cabo coas seguintes regras:

- O activo contabilizarémolo, segundo a súa natureza, como inmovilizado material ou, no seu caso, como intanxible
- O activo e a débeda contabilizaranse polo menor de:
  - O valor razoable do activo arrendado.
  - O valor actual dos pagamentos durante o prazo do contrato, calculados ao comezo do mesmo, incluíndo a opción de compra se non hai dúbidas razoables do seu exercicio e excluindo:
- As cotas de carácter continxente (os pagamentos por arrendamento cuxo importe non sexa fixo senón que dependa da evolución dunha variable) e que será gasto do exercicio en que se produzan.
- O custo dos servizos e impostos repercutibles polo arrendador.
- Os gastos directos iniciais (posta a punto) imputaranse como maior custo do activo.
- A carga financeira non se activará, senón que se imputará a gastos a través do tipo efectivo.

O criterio de contabilización do arrendador, levarase a cabo coas seguintes regras:

- No activo recoñeceremos un crédito polo importe do valor actual dos cobros futuros.
- A diferenza entre o crédito contabilizado e a cantidade total a cobrar corresponderá a intereses non devengados e imputarase a resultados segundo se devenguen, de acordo co tipo de interese efectivo.

O arrendamento operativo é aquel que non ten carácter de arrendamento financeiro.

- Como arrendatario contabilizamos como un gasto do exercicio todas as cotas devengadas
- Como arrendador contabilizamos o activo como un inmovilizado que amortizamos na súa vida útil e os ingresos do contrato contabilizámolos como un ingreso do exercicio.

#### 4.5. Créditos e débitos pola actividade propia

As cotas, donativos e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados ou outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexístrase, no seu caso, como un ingreso financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custo amortizado.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por baixo do interese de mercado.

Ao peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que produciu unha deterioración de valor nestes activos. Para ese efecto aplica o criterio do custo amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade aos seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal de débito contabilízase, no seu caso, como un gasto financeiro na conta de resultados de acordo co criterio do custo amortizado. Se a concesión da axuda é plurianual, o pasivo rexístrase polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non estea sometida a avaliacións periódicas, senón ao mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.

#### 4.6. Activos Financeiros e Pasivos Financeiros

A entidade ten rexistrados como instrumentos financeiros, aqueles contratos que dean lugar a un activo financeiro nunha entidade ou sociedade e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra entidade ou sociedade.

##### A) Activos Financeiros

Os activos financeiros rexístranse inicialmente ao seu custo de adquisición, incluíndo os custos inherentes á operación. A entidade clasifica os seus investimentos financeiros, xa sexan estes correntes ou non correntes, nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar. Aquelles activos financeiros orixinados pola entidade na venda de bens e a prestación de servizos por operacións de tráfico da entidade. Os activos incluídos nesta categoría son valorados no momento do seu recoñecemento no balance ao seu valor razoable, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os gastos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, sendo posteriormente valorados ao seu “custo amortizado” utilizando a taxa de interese efectivo.

- Os créditos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os créditos coas administracións públicas, valoraranse polo seu valor nominal, isto é sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.
- A entidade rexistra as correspondentes provisións pola diferenza existente entre o importe que se estima recuperar das contas a cobrar, descontado este ao tipo de interese efectivo orixinal da operación, e o valor en libros polo que se atopan.

Un activo financeiro darase de baixa cando expire ou cederanse os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do mesmo (cesión dun crédito), sendo requisito fundamental a cesión substancial de riscos e beneficios.

Os intereses (explícitos e implícitos) e os dividendos de activos financeiros que se deveñan con posterioridade ao momento da adquisición consideraranse ingresos na conta de Perdas e ganancias.

Os dividendos e intereses explícitos devengados e non vencidos no momento da valoración inicial dos activos financeiros rexistraranse de forma independente na valoración inicial dos activos financeiros.

Os dividendos distribuídos que inequivocamente procedan de resultados xerados antes da data de adquisición, non se contabilizarán como ingresos, senón que minoran o valor contable do investimento.

O efectivo e outros medios líquidos equivalentes rexistran e efectivo de caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a \*c/\*p de alta liquidez que son rapidamente realizables e que non teñen risco de cambio.

Os depósitos ou fianzas constituídas en garantía de determinadas obrigacións, valóranse polo importe efectivamente satisfeito, que non difire significativamente do seu valor razonable.

#### B) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración, xa sexan estes correntes ou non correntes, clasificaranse nas seguintes categorías:

- Débitos e partidas a pagar. Aqueles débitos por operacións comerciais ou non comerciais de compra de bens e servizos por parte da entidade (provedores, acredores, efectos comerciais a pagar, provedores de inmovilizado, efectos a pagar, débedas a longo e curto prazo). Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o prezo da transacción, máis os gastos atribuíbles.

- Os débitos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os débitos coas administracións públicas, pódense valorar polo seu valor nominal, isto é sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.
- Posteriormente valóranse polo custo amortizado, seguindo o tipo de interese efectivo.
- Os gastos financeiros contabilízanse segundo o criterio da devindicación na conta de resultados utilizando o método do interese efectivo e engádense ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Non reclasificamos ningún pasivo financeiro.

Os pasivos financeiros danse de baixa cando a obriga se extingue ou se produce un intercambio de instrumentos de débeda entre prestamista e prestatario. Neste último caso se os instrumentos teñen condicións substancialmente diferentes dáse de baixa o pasivo orixinal e dáse de alta o novo e se os instrumentos non teñen condicións substancialmente diferentes o pasivo financeiro orixinal non se dá de baixa e calcúlase un tipo de interese efectivo coas novas condicións.

Enténdese por condicións substancialmente diferentes cando o valor actual dos fluxos de efectivo do novo pasivo é diferente polo menos un 10% ao valor actual dos fluxos de efectivo procedentes do pasivo orixinal, actualizados ambos ao tipo de interese efectivo do pasivo orixinal.

#### 4.7. Transaccións en moeda estranxeira

Os saldos debedores, acredores, clientes e provedores contraídos en moeda estranxeira e non cancelados, contabilízanse polo contravalor en euros.

Na actividade que realiza a entidade non existen operacións comerciais que dean orixe a transaccións en moeda estranxeira.

#### 4.8. Imposto sobre beneficios

O gasto/ingreso por imposto sobre sociedades contabilizarase na conta de Perdas e Ganancias salvo que estea asociado cun ingreso/gasto rexistrado directamente no patrimonio neto, nese caso, o gasto/ingreso por imposto debe recoñecerse directamente no estado de ingresos e gastos recoñecidos.

A entidade, declarada de utilidade pública, acóllese ao establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. Esta Lei no Título II establece o réxime fiscal aplicable a estas entidades, sinalando que as rendas exentas en virtude da mesma non estarán sometidas a retención nin ingreso a conta mediante a correspondente acreditación. O Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, indica a forma de acreditar a exención do deber de reter ou ingresar a conta respecto das rendas percibidas polas entidades sen fins lucrativos. Esta efectúase mediante certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, no que conste que a entidade comunicou a opción pola aplicación do réxime fiscal especial.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria acredita a opción pola aplicación do réxime fiscal especial, anteriormente mencionado, ante quen lle satisfagan ou abonen rendas exentas en virtude da Lei 49/2002, a efectos de que non se practique retención ou ingreso a conta, sempre que se cumpran os requisitos que se establecen para estas entidades (ser declarada de interese público; perseguir fins de interese xeral; destinar á realización do devandito fin, polo menos o 70% das rendas e ingresos; non realizar actividades alleas ao seu obxecto ou finalidade en máis dun 40% dos seus ingresos; que os fundadores, asociados, membros do órgano de goberno non sexan destinatarios principais das actividades que se realicen nin se beneficien de condicións especiais para utilizar os seus servizos; que os cargos de patrón e membro do órgano de administración sexan gratuítos; estar inscrita a entidade no rexistro correspondente; cumprimento dos deberes contables previstos nas normas polas que se rexen; cumprir co deber de rendición de contas que estableza a lexislación específica e elaborar anualmente memoria económica na que se especifique os ingresos e gastos do exercicio).

#### 4.9. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos contabilízanse en función do criterio de devindicación con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

No entanto, a entidade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse axiña que son coñecidas.

